



SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 11 DE ABRIL DE 2017

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e quince minutos do día once de abril de dous mil dezasete, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1840 de data 18 de novembro de 2016: don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, dona Josefa Vázquez Soto, don Ramón Boga Moscoso e don Daniel Carballada Rodríguez.

Non asiste e presenta escusa dona Leonor Fernández Grande.

Faise constar que asisten á sesión dona M^a Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia; dona M^a Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Igualdade, Terceira Idade, Acción Voluntaria e Educación, incluídos na Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación; e don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes, incluído na Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examinaronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 4 de abril de 2017

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 4 de abril de 2017 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros asistentes á sesión, aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Anuncio da Secretaría Xeral. Servizo de Patrimonio e Contratación da excma. Deputación provincial da Coruña, de contratación mediante procedemento aberto e cun único criterio de valoración das obras incluídas no Plan de conservación de vías provinciais 2017. Figura no grupo 10. Cambre e Carral. (Boletín Oficial da Provincia número 66, do 6 de abril de 2017).

- Resolución do 29 de marzo de 2017, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 19 de decembro de 2016 (Diario Oficial de Galicia número 4, do 5 de xaneiro de 2017), pola que se



establecen as bases reguladoras da subvención destinada a concellos de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico, con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas de Galicia. Figura o Concello de Cambre, cun total de subvención de 2.197,50 euros. (Diario Oficial de Galicia número 70, do 10 de abril de 2017).

- Orde do 29 de marzo de 2017, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017 (código de procedemento TR3553B). Diario Oficial de Galicia número 70, do 10 de abril de 2017).

- Resolución número 11261 do 06/04/2017 da Secretaría Xeral. Sección de Información e Actas da excma. Deputación provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións a concellos, agrupacións de concellos, mancomunidades e outras entidades locais da provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos SNL 2017. Figura como beneficiario o Concello de Cambre, co obxecto "creación do Servizo de Normalización Lingüística e financiación das retribucións do persoal técnico de normalización lingüística (SNL), cun importe de subvención por importe de 12.000 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 68, do 10 de abril de 2017).

3º. Expedientes de contratación

3.1. Devolución da garantía definitiva, por importe de 2.649,95 euros, a Alboroto Producciones, S.L., depositada en metálico, para garantir o servizo denominado "Contratación, da produción e actuacións artísticas do XXIV Festival Rock in Cambre 2015". Expediente: 2015/C006/000003.

Vista a proposta de Alcaldía de data 4 de abril de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto o escrito presentado por don David Fiel Montero, con DNI 44.395.893-M, en representación de Alboroto Producciones, S.L., con domicilio a efectos de notificacións en c/Herradores, 22- baixo 02002 Albacete, rexistrado de entrada ao número 0/2271, con data 20 de marzo de 2016, no que solicita se lle devolva a garantía definitiva constituída en metálico, por importe de 2.649,95 euros, depositado na Tesourería municipal o día 21/07/2015 para garantir a execución do servizo denominado "Contratación, da produción e actuacións artísticas do XXIV Festival Rock in Cambre 2015, (expte.: 2015/C006/000003). Tamén solicita que lle descuenten deste importe os gastos de publicidade da contratación que ascenden a cantidade de 747,78 euros, polo que o importe a devolver ascende a cantidade de 1.902,17 euros.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a data da recepción do servizo, e cumprido satisfactoriamente o contrato sen que, por outra banda, o concello fixese ningunha obxexión ou reparo, esto segundo informe favorable emitido polo, coordinador de actividades culturais e educativas en fucións, don Miguel Gamallo Ponte, coa data do 8 de setembro de 2015.



Visto o informe de fiscalización favorable emitido polo Interventor municipal con data do 20 de marzo de 2017.

A teor do establecido nos arts. 102.2, 222.3 e 307 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Mobilidade, de data 3 de abril de 2017.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propono a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Devolver a garantía definitiva depositada por Alboroto Producciones, S.L. no expediente número 2015/C006/000003, tendo en conta que, segundo informe do interventor da Corporación de data 20 de marzo de 2017, deberá realizarse unha compensación efectiva non contable do crédito a favor do Concello, por importe de 747,78 euros, correspondente a gastos de publicidade.

Segundo: Notificar o presente acordo ao interesado e máis aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para os efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3.2 Devolución da garantía definitiva, por importe de 54.086,55 euros, a entidade "Clece, S.A.", depositada mediante aval bancario da entidade "Bankia", para garantir a contratación do "Servizo público de axuda no fogar no Concello de Cambre". Expediente: 13/22-3 GEST. SERV. PCO.

Vista a proposta de Alcaldía de data 4 de abril de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

"Vistos os escritos presentados por don José Vicente Ortega Rey, e por don José Manuel González Villalba, en representación de "Clece, S.A.", con CIF A - 80364243 e domicilio na Avda. del Euro, nº 7, Edificio A, 47009 – Valladolid, rexistrados de entrada aos números 0/3069, con data 16 de abril de 2016 e 0/6296, oa data de 19 de xullo de 2016, no que solicitan se lles devolva a garantía definitiva constituída mediante aval bancario nº 2014/100.117, de data 28 de xaneiro de 2014, da entidade "Bankia", por importe de 54.086,55 euros, depositado na Tesourería municipal o día 30/01/2014 para garantir a execución da contratación do "Servizo público de axuda no fogar no Concello de Cambre". (Exp. nº 13/22-3 GEST. SERV. PCO.).

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e que non se produceu ningunha das circunstancias para a incautación da garantía, esto segundo informe favorable emitido pola coordinadora de servizos sociais, responsable do contrato, coa data do 27 de abril de 2016.



Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 17 de marzo de 2017.

Vista a proposta do concelleiro delegado de área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, de data 4 de abril de 2017.

A teor do establecido nos arts. 102.2, 222.3 e 307 do Real decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei dos contratos do sector público (TRLCSP)

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propono a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade, "Clece, S.A.", no expediente número 13/22-3 GEST. SERV. PCO.

Segundo: Notificar o presente acordo ao interesado e máis aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para os efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3.3. Outorgamento dunha prórroga ata o 31 de maio de 2017, á empresa "Construcciones Ponciano Nieto, S.L." para a execución da obra "Renovación de beirarrúas na rúa Temple, Cambre", obra incluída no POS Adicional 1/2015. Expediente: 2016/C003/000001

Vista a proposta de Alcaldía de data 5 de abril de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto o expediente de contratación incoado co nº 2016/C003/000001 para a adjudicación, por procedemento negociado sen publicidade, da obra incluída no POS Adicional 1/2015 da Deputación Provincial da Coruña denominada "Renovación de beirarrúas na rúa Temple, Cambre", cun importe de execución por contrata de 113.872,42 euros IVE incluído.

Visto que, coa data do 14 de novembro de 2016, adjudicouse a obra á entidade "Construcciones Ponciano Nieto, S.L.", no importe de 82.113,39 euros, IVE incluído, asinándose o contrato o día 17 de novembro de 2016.

Tendo en conta que o prazo de execución previsto para a obra, e fixado no contrato, é de tres meses, que comezará a contar desde o día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do replanteo, que foi asinada o día 16 de decembro de 2016, aprobándose o plan de seguridade e saúde, o programa de traballo e o plan de xestión de residuos por acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xaneiro de 2017.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Visto o escrito presentado polo representante da empresa adxudicataria no Concello de Cambre o día 31 de marzo de 2017, rexistrado ao nº 0/2857, no que solicita unha ampliación no prazo de execución da obra ata o 31 de maio de 2017, debido á existencia de afecciones a servizos afectados non municipais de infraestruturas, que provocou que se producisen interferencias importantes na execución da obra, que deron lugar a rendementos menores, polo que produciron atrasos importantes nos prazos de execución da obra alleos a empresa adxudicataria.

Visto, o informe favorable emitido pola enxeñeira técnica municipal, directora da obra, dona Elena Bartolomé Delanoë, coa data do 4 de abril de 2017.

Visto o establecido na cláusula 32 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que rexon no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 213.2 do Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011, e artigo 100 do RD 1098/2001 do 12 de outubro, que aproba o Regulamento xeral da Lei dos contratos das Administracións Públicas.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente de data do 5 de abril de 2017.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Outorgarlle á empresa “Construcciones Ponciano Nieto, S.L.”, adxudicataria da obra “Renovación de beirarrúas na rúa Temple, Cambre” obra incluída no POS Adicional 1/2015 da Excm. Deputación Provincial da Coruña, unha prórroga ata o 31 de maio de 2017, para a súa execución, isto debido a existencia de afecciones a servizos afectados non municipais de infraestruturas, que provocou que se producisen interferencias importantes na execución da obra, que deron lugar a rendementos menores, quedando, pois, establecida como data de remate da obra o vindeiro día 31 de maio de 2017.

Segundo: Notificar o presente acordo á entidade adxudicataria, a directora da obra, e máis ao Departamento de Intervención, para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3.4. Incoación de expediente de imposición de penalidades á entidade “Ingeniería Medioambiental de Galicia, S.L.”, adxudicataria do contrato do servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual, das gabias de titularidade municipal no Concello de Cambre. Expediente: 2015/C004/000006

Vista a proposta de Alcaldía de data 7 de abril de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2015/C004/000006, mediante procedemento aberto multicriterio, para adxudicación do contrato de servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual, das gábias de titularidade municipal no Concello de Cambre, que foi adxudicado ao licitador “Ingeniería Medioambiental de Galicia, S.L.” (IMEGA), asinándose o contrato con data de 23 de xullo de 2015.

Visto o informe emitido polo enxeñeiro técnico industrial municipal coa data do 6 de abril de 2017, no que propón a aplicación, á factura nº 31/16 presentada pola entidade adxudicataria, das penalidades contempladas na cláusula 25 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente, e máis nos artigos 9 e 11 do prego de prescricións técnicas.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral , conformado pola secretaria xeral da Corporación e máis polo interventor municipal coa data do 6 de abril de 2017, segundo o cal :

“ANTECEDENTES

1.- O día 17 de xullo de 2015, mediante a resolución de alcaldía nº 1233/2015 , e trala tramitación do correspondente expediente de contratación nº 2015/C004/000006, mediante procedemento aberto multicriterio, adxudicouse o contrato do servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual, das gábias de titularidade municipal no Concello de Cambre ao licitador “Ingeniería Medioambiental de Galicia, S.L.” (IMEGA), asinándose o contrato con data de 23 de xullo seguinte.

Designouse, como responsable do contrato, á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolome Delanoë.

2.- Segundo establece o prego de cláusulas administrativas particulares, cláusulas 19 e epígrafe 4 do cadro de Características, o contrato ten un prazo de execución de dous anos desde a data da súa sinatura en documento administrativo, prorrogable por outro ano máis, logo do acordo do órgano de contratación adoptado a pedimento do adxudicatario con tres meses de antelación ao remate do contrato principal.

Diferenciaranse, dentro de cada ano natural, dúas épocas de corte (primaveira-verán e verán-outono, que poidan corresponder, aproximadamente, cos meses de maio-xuño / setembro-outubro).

*Para levar a cabo os traballos de curte e eliminación das malezas no primeiro ciclo, o prazo establecido será de **dous meses**, mentres que para o segundo resulta suficiente un prazo **dun mes**.*

Entre os criterios a valorar para a adxudicación do contrato, o prego de cláusulas administrativas particulares contempla, na súa cláusula 14.3, a redución de prazos, e mailas



melloras propostas na execución do contrato, entendendo por tales as referidas ao aumento da lonxitude a desbrozar.

3.- Unha vez valoradas as ofertas, adxudicado e asinado o contrato, de conformidade coa oferta presentada pola entidade adxudicataria, e tal e como consta nas cláusulas cuarta e decima do contrato asinado entre o Concello de Cambre e IMEGA, o programa de realización dos traballos é o seguinte :

- Primeiro corte: 219.378 m, de pistas a desbrozar entres os meses de maio e xuño.
- Segundo corte de 109.689 m, entre setembro e outubro.

Para a realización do **primeiro corte a adxudicataria oferta un prazo de 43 días naturais**. Para o repaso, o prazo ofertado sería de **22 días naturais**.

A cláusula decima do contrato asinado, recolle ademais as melloras e aspectos da oferta que serviron de base para a adxudicación do contrato, e que vinculan ao adxudicatario durante a execución do contrato. Textualmente, a cláusula decima do contrato recolle que :

“Ademais, o contratista queda vinculado por aqueles aspectos da súa oferta que serviron de base para a adxudicación do contrato, en particular:

- Programa de realización dos traballos ofertada:
 - o Primeiro corte: 219.378 m, de pistas a desbrozar entres os meses de maio e xuño, nun prazo de 26 días laborables (43 días naturais)
 - o Segundo corte de 109.689 m, entre setembro e outubro, nun prazo de 13 días laborables (22 días naturais).
 - o (...)”

4.- Na cláusula sexta do contrato asinado entre o Concello de Cambre e a empresa IMEGA, establécese textualmente que :

“No caso de demora ou cumprimento defectuoso do contrato, aplicaranse as penalidades establecidas na cláusula 25 do prego administrativo, todo isto sen prexuízo da responsabilidade por danos contemplada na cláusula 26 de dito prego.”

A cláusula 25 do prego de cláusulas administrativas particulares, determina que :

“25. PLAZO DE EJECUCIÓN DEL CONTRATO Y PENALIDADES ADMINISTRATIVAS



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

El contratista está obligado a cumplir el contrato dentro del plazo total fijado para la realización del mismo, así como, de los plazos parciales señalados para su ejecución sucesiva.

La constitución en mora del contratista no precisará intimación previa por parte de la Administración.

Quando el contratista por causas imputables al mismo, hubiere incurrido en demora respecto al cumplimiento del plazo total, o de los plazos parciales, ofertados en su propuesta técnica, (o, en su defecto, en el pliego de prescripciones técnicas), la Administración podrá optar indistintamente por la resolución del contrato o por la imposición de las penalidades diarias en la proporción de 0,20 por cada 1.000 euros del precio del contrato.

Las mismas penalidades se impondrán en el caso de cumplimiento defectuoso de la prestación objeto del contrato, si bien su cuantía total no podrá exceder del 10 % del presupuesto del contrato.

En el supuesto de que el adjudicatario hubiere ofertado reducción de plazo de ejecución y la demora fuera imputable al contratista las penalidades diarias indicadas en el párrafo anterior serán las siguientes:

REDUCCIÓN (% sobre el plazo de ejecución)	Penalidades
Hasta un 5%	0,50 por cada 1.000 euros
Hasta un 10%	0,55 por cada 1.000 euros
Hasta un 15%	0,60 por cada 1.000 euros
Hasta un 20%	0,65 por cada 1.000 euros
Hasta un 25%	0,70 por cada 1.000 euros
Hasta un 30%	0,75 por cada 1.000 euros
Hasta un 35%	0,80 por cada 1.000 euros
Hasta un 40%	0,85 por cada 1.000 euros
Hasta un 45%	0,90 por cada 1.000 euros
Hasta un 50%	0,95 por cada 1.000 euros
Hasta un 55% o más	1 por cada 1.000 euros

Cada vez que las penalidades por demora alcancen un múltiplo del 5 por cien del precio del contrato, el órgano de contratación estará facultado para proceder a la resolución del mismo o acordar la continuidad de su ejecución con imposición de nuevas penalidades.

5.- Además, o prego de prescrións técnicas particulares regulador dos traballos obxecto do contrato, contempla, nos seus artigos 9 e 11, os supostos de porcentaxes esixibles na eliminación de malezas, establecendo que “En el caso de que la variación esté comprendida entre el 5 y el 10 % por defecto, sobre los porcentajes de eficacia previstos, el tratamiento será considerado defectuoso pero admisible, **abonándose en este caso los trabajos realizados proporcionalmente al porcentaje de éxito efectivamente obtenido”**

“Cuando por cualquier cause no imputable a negligencia o defecto del contratista, los resultados de los tratamientos de desherbado no llegasen a alcanzar las cotas de éxito fijadas en los



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

muestreos previos, se abonarán los trabajos proporcionalmente al porcentaje de éxito obtenido, siempre y cuando la Sección de Servicios municipal emita informe favorable al respecto, y exigiéndose, entodo caso, que el porcentaje de éxito supere el 50 %”.

6.- Con data do 6 de abril de 2017, o enxeñeiro técnico industrial municipal don Ignacio Fernández Díaz, (en substitución da enxeñeira técnica de obras públicas municipal, segundo reorganización interna da Sección de Servizos), emite informe , no que, con relación á factura nº 31/16 por importe de 33.992,70 euros IVE incluído, presentada pola empresa adxudicataria para o aboamento da primeira fase de corte da anualidade 2016, propón :

a) A aplicación á factura nº 31/16, correspondente á fase primeira do ano 2016, da porcentaxe do 5% por defectos no grao de eficacia acadado, consonte aos artigos 9 e 11 do prego de prescricións técnicas, por un importe de 1.626,45 euros sen IVE (1.789,10 euros IVE incluído). **Esta minoración xa vén aplicada directamente polo contratista na factura presentada, na que a empresa adxudicataria reduce do importe total a cantidade correspondente á penalización por grao de eficacia.**

b) A imposición ao contratista dunha penalidade por demora na execución dos traballos, ao abeiro do establecido na cláusula 25 do prego de cláusulas administrativas particulares, por importe de 927,07 euros sen IVE (1.019,77 euros IVE incluído), que corresponden a un retraso de 38 días no prazo ofertado para a realización do primeiro corte da anualidade 2016

c) Esta segunda cantidade débese detraer do importe da factura pendente de aboamento, presentada polo contratista con nº identificador 17/2017-2016/6220, (xa que a primeira das penalidades, como quedou exposto, xa foi aplicada polo propio contratista ao importe da factura)

LEXISLACIÓN APLICABLE

I. – Órgano competente: Artigo 212.8 e Disposición adicional segunda do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante, TRLCSP), e en relación con esto, a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, dos que resulta a competencia, neste caso, da Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre, como órgano de contratación en virtude da delegación da Alcaldía efectuada.

II. – Art. 212.8 do TRLCSP e art. 97 do Regulamento xeral da Lei dos contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 do 12 de outubro (en diante, RXLCAP), respecto do procedemento para a imposición de penalidades nos contratos administrativos.

III .- Contrato suscrito o 23 de xullo de 2015 entre o Concello de Cambre e a entidade “Ingeniería Medioambiental de Galicia, S.L.” (IMEGA),

IV.- Cláusula 25 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do contrato no expediente nº 2015/C004/000006, e que expresamente acepta e se obriga a cumprir o contratista,



respecto das penalidades a aplicar no contrato do servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual, das gábias de titularidade municipal no Concello de Cambre.

V.- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, en adiante RXLCAP.

VI.- Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas

VII.- Código Civil.

VIII.- Xurisprudencia e informes da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa aplicable para o efecto.

IX.- Artigos doutriniais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

PRIMEIRO: O artigo 210 do TRLCSP establece como prerrogativas do órgano de contratación a de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, así como acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

No exercicio destas prerrogativas, o artigo 94 do RXLCAP dispón que o órgano de contratación ten a facultade de dirección, inspección e control da execución do contrato, puidendo ditar as instrucións precisas para que se cumpra o convenio, de conformidade co que se estableza ao respecto no prego de cláusulas administrativas particulares. Igualmente, o artigo 95 do dito regulamento faculta ao órgano de contratación para esixir do contratista a adopción de medidas concretas para conseguir restablecer a boa orde da execución do contrato cando sexa preciso.

Respecto da execución defectuosa e demora dos contratos, o artigo 212 do TRLCSP establece:

“Artigo 212. Execución defectuosa e demora.

” 1. Os pregos ou o documento contractual poderán prever penalidades para o caso de cumprimento defectuoso da prestación obxecto do mesmo ou para o suposto de incumprimento dos compromisos ou das condicións especiais de execución do contrato que se estableceron conforme aos artigos 64.2 e 118.1. Estas penalidades deberán ser proporcionais á gravidade do incumprimento e a súa contía non poderá ser superior ao 10 por 100 do orzamento do contrato.

2. O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

3. A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

4. Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato.

O órgano de contratación poderá acordar a inclusión no prego de cláusulas administrativas particulares dunhas penalidades distintas ás enumeradas no parágrafo anterior cando, atendendo ás especiais características do contrato, se considere necesario para a súa correcta execución e así se xustifique no expediente.

5. Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

6. A Administración terá a mesma facultade a que se refire o apartado anterior respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais, cando se previu no prego de cláusulas administrativas particulares ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade de cumprir o prazo total.

7. Cando o contratista, por causas **imputables ao mesmo, incumprise a execución parcial das prestacións definidas no contrato, a Administración poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades** que, para tales supostos, determínense no prego de cláusulas administrativas particulares.

8. As penalidades impoñeranse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato se se designou, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban abonarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, constituíuse, cando non poidan deducirse das mencionadas certificacións.”

Así pois, o órgano de contratación, no exercicio das súas prerrogativas, cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incurra en demora respecto dos prazos totais ou parciais establecidos para a execución do contrato, poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades que se determinen no prego de cláusulas administrativas particulares, e iso sen necesidade de que a administración lle requira o cumprimento (artigo 212.3 TRLCSP en relación co artigo 1100 do Código Civil, que establece que “Non será, non obstante, necesaria a intimación do acreedor para que a mora exista, cando a obrigación ou a lei o declare así expresamente).”

En relación co esto, e como xa vimos, a cláusula 25 do prego administrativo regulador do presente expediente contractual establece que :

“El contratista está obligado a cumplir el contrato dentro del plazo total fijado para la realización del mismo, así como, de los plazos parciales señalados para su ejecución sucesiva.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

La constitución en mora del contratista no precisará intimación previa por parte de la Administración.

Quando el contratista por causas imputables al mismo, hubiere incurrido en demora respecto al cumplimiento del plazo total, o de los plazos parciales, ofertados en su propuesta técnica, (o, en su defecto, en el pliego de prescripciones técnicas), la Administración podrá optar indistintamente por la resolución del contrato o por la imposición de las penalidades diarias en la proporción de 0,20 por cada 1.000 euros del precio del contrato.

Las mismas penalidades se impondrán en el caso de cumplimiento defectuoso de la prestación objeto del contrato, si bien su cuantía total no podrá exceder del 10 % del presupuesto del contrato.

En el supuesto de que el adjudicatario hubiere ofertado reducción de plazo de ejecución y la demora fuera imputable al contratista las penalidades diarias indicadas en el párrafo anterior serán las siguientes:

REDUCCIÓN (% sobre el plazo de ejecución)	Penalidades
Hasta un 5%	0,50 por cada 1.000 euros
Hasta un 10%	0,55 por cada 1.000 euros
Hasta un 15%	0,60 por cada 1.000 euros
Hasta un 20%	0,65 por cada 1.000 euros
Hasta un 25%	0,70 por cada 1.000 euros
Hasta un 30%	0,75 por cada 1.000 euros
Hasta un 35%	0,80 por cada 1.000 euros
Hasta un 40%	0,85 por cada 1.000 euros
Hasta un 45%	0,90 por cada 1.000 euros
Hasta un 50%	0,95 por cada 1.000 euros
Hasta un 55% o más	1 por cada 1.000 euros

Cada vez que las penalidades por demora alcancen un múltiplo del 5 por cien del precio del contrato, el órgano de contratación estará facultado para proceder a la resolución del mismo o acordar la continuidad de su ejecución con imposición de nuevas penalidades.”

SEGUNDO: *Do exame do contrato asinado e máis do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación, derivase que, para a execución dos traballos obxecto do contrato, e dentro de cada ano natural, diferéncianse dúas épocas de corte (primaveira-verán e verán-outono, que poidan corresponder, aproximadamente, cos meses de maio-xuño / setembro-outubro).*

*Para levar a cabo os traballos de curte e eliminación das malezas no primeiro ciclo, o prazo establecido no prego será de **dous meses**, mentres que para o segundo resultaría suficiente un prazo **dun mes**.*



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

As cláusulas cuarta e décima do contrato asinado contemplan que para a realización do primeiro corte, a empresa adxudicatária ofertou un prazo de 43 días naturais, e para o repaso, o prazo ofertado sería de 22 días naturais.

TERCEIRO: Con data do 6 de abril de 2017, o responsable municipal do contrato, (enxeñeiro técnico industrial municipal, en substitución da enxeñeira técnica de obras públicas), propón a imposición dunha penalización de aplicación automática á factura presentada, ao abeiro dos artigos 9 e 11 do prego de precsricións técnicas particulares, derivada do grao de eficacia dos traballos realizados, por importe de 1.626,45 euros sen IVE (1.789,10 euros IVE incluído, que xa foi aplicada polo propio adxudicatario no importe da factura presentada), ademáis da aplicación dunha penalidade por demora por importe de 927,07 euros sen IVE (1.019,77 euros IVE incluído), , debido ao retraso de 38 días naturais no prazo ofertado para a realización do primeiro corte correspondente ao ano 2016, que segundo a oferta e contrato asinado debería terse finalizado o 18 de xullo de 2016, cando a súa data real de remate foi o 25 de agosto seguinte.

CUARTO : Segundo se fai constar no informe núm. 4/04, de 13 de marzo de 2004, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa “Como cuestión a debater debe destacarse a circunstancia de se o atraso na execución do contrato resulta ou non imputable ao contratista, pois da dita circunstancia depende a aplicación do artigo 95 da Lei de contratos das administracións públicas (artigo 196 da LCSP) que, en esencia, reproduce a cláusula 13 do prego de cláusulas administrativas particulares.

A solicitude de non aplicación de penalidades ten que formulala o contratista e baseala en non ser as causas da demora imputables a el” chegando á conclusión de que “ao existir atraso por causa imputable ao contratista, procede a aplicación de penalidades ao contratista, ao non ter optado o concello pola resolución do contrato ...”.

Nos mesmos termos o informe núm. 13/04, de 7 de xuño de 2004, da XCCA, e segundo o cal: “Aclarada a imputabilidade do contratista na demora, a imposición de penalidades procederá tanto respecto do prazo total como dos prazos parciais, pois esta última posibilidade prevista nos apartados 5 e 6 do artigo 95 da Lei de contratos das administracións públicas (apartados 6 e 7 do artigo 212 do actual TRLCSP) incorpórase expresamente á cláusula 33 do prego de cláusulas administrativas particulares (cláusula 25 do noso prego de cláusulas administrativas particulares)...”

...

En conclusión ... a non imposición de penalidades esixe que a demora, no prazo total ou nos parciais, non sexa debida a causas imputables ao contratista, e a súa aplicación ao prazo total ou aos parciais e o seu importe dependerá do estado en que se atope o cumprimento ou incumprimento do contrato e da duración concreta da demora.”

Resulta ilustrativa ao respecto a doutrina xurisprudencial elaborada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, entre outras, en sentenza de 21 de decembro de 2007, así como en sentenza de 9 de abril de 2008, recurso de casación núm. 4486/2006, no sentido de que “a imposición de penalidades por incumprimento dun prazo contractual esixe a acreditación da culpabilidade na demora, e a incautación da garantía A existencia de



culpa obtense contraponendo o comportamento do contratista cun patrón de dilixencia común ao estándar ordinario das obrigacións impostas no contrato ...”

Tendo en conta o informe emitido polo enxeñeiro técnico industrial municipal, e a xuízo da funcionaria informante, cúmprese co requisito esencial para a aplicación de penalidades ao contratista por estar acreditado no expediente a concorrencia da demora no cumprimento do prazo parcial de 43 días naturais para execución do primeiro corte da anualidade 2016, e que a dita demora é imputable ao contratista, fixándose a duración concreta da demora dende o día seguinte á conclusión do prazo máximo, que concluíu o 18 de xullo de 2016.

QUINTO: Respecto do procedemento, e como vimos anteriormente, o artigo 212.8 do TR da LCSP establece que “As penalidades imporanse por **acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato** se se tivera designado, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total o parcial, deban aboarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, se tivese constituído, cando non podan deducirse das mencionadas certificacións.”

O problema céntrase en determinar o procedemento que o órgano de contratación ten que seguir para impoñer as penalidades a que se refire o dito artigo, dentro da necesaria observancia do principio de contradición, para o que con carácter previo debe delimitarse a súa natureza xurídica.

A finalidade que a administración pretende con estas penalidades é de carácter coercitivo, para garantir o cumprimento contractual, e a doutrina xurisprudencial veu mantendo o criterio de que o procedemento sancionador previsto nos artigos 134 e seguintes da anterior Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (hoxe, integrados como especialidades do procedemento administrativo común na actual Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas), non resulta de aplicación cando se trata de penalidades no ámbito da contratación administrativa, subsumidas dentro dos poderes de dirección, inspección e control que, en garantía do interese público, se atribúen á administración contratante.

Se se admite que para a imposición destas penalidades non son de aplicación as normas administrativas que con carácter xeral regulan o procedemento sancionador, e ante a falta de regulación específica no TRLCSP, procede analizar cal sería o procedemento esixible:

A este respecto, hai dúas vertentes doutriniais:

A) A da doutrina (Ángel Cea Ayala, José Antonio Moreno Molina, entre outros) que considera de aplicación o **artigo 97 do RXLCAP, respecto da resolución de incidencias xurdidas na execución dos contratos** que establece, segundo transcripción literal:

“Con carácter xeral, agás o establecido na lexislación de contratos das administracións públicas para casos específicos, cantas incidencias xurdan entre a administración e o contratista na execución dun contrato por diferenzas na interpretación do convenio ou pola necesidade de



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

modificar as condicións contractuais, tramitaranse mediante expediente contradictorio, que comprenderá preceptivamente as actuacións seguintes:

1º Proposta da administración ou petición do contratista.

2º Audiencia do contratista e informe do servizo competente a evacuar en ambos casos nun prazo de cinco días hábiles.

3º Informe, no seu caso, da asesoría xurídica e da Intervención, a evacuar no mesmo prazo anterior.

4º Resolución motivada do órgano que teña celebrado o contrato e subseguinte notificación ao contratista.

Agás que motivos de interese público o xustifiquen ou a natureza das incidencias o requira, a tramitación destes últimos non determinará a paralización do contrato.”

Destacan, a este respecto, a obrigación do trámite de audiencia ao contratista antes de que a administración adopte unha decisión sobre a imposición de penalidades, e aluden á sentenza da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Castilla-León, de 17 de febreiro de 2012, recurso núm. 262/2012, na que se anulan os actos autonómicos entre outros motivos, por non ter concedido para a imposición de penalidades, o trámite de audiencia a que se refire o artigo 97 do RXLCAP.

B) A da doutrina (F.Javier Escrihuela Morales, entre outros) que considera que o artigo 97 se refire a incidencias que veñen referidas á execución do contrato por diferenzas na interpretación do convenio, extremo que non parece axustarse ao suposto contemplado, xa que a diferenza pode xurdir na procedencia ou non da imposición das penalidades, pero non do estipulado contractualmente, e aluden á sentenza da Audiencia Nacional, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 5ª, de 7 de novembro de 2007, rec. 248/2006 e sentenza da Audiencia Nacional, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 4ª, de 22 de outubro de 2007 nas que se fai constar que “O problema en todo caso radica en que, teñan natureza próxima á multa coercitiva ou ostenten o carácter de penalidade obrigacional, **o noso ordenamento carece dun procedemento específico xeral para a súa tramitación e imposición, o que obriga a acudir ao procedemento administrativo xeral.**”

Conclúe esta doutrina, que o expediente de imposición de penalidades debe instruírse polo órgano de contratación seguindo o procedemento xeral de iniciación de oficio da Lei procedimental, e cumprindo, especialmente, o trámite de audiencia, co fin de que os interesados, nun prazo **non inferior a dez días** nin superior a quince días, poidan alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.

Á vista do exposto, e tendo en conta que en todo procedemento administrativo, xeral ou especial, hai que cumprir de modo estrito co principio de contradición do artigo 24 da Constitución Española (que se refire á tutela efectiva ante xuíces e tribunais), principio que de modo expreso recolle o artigo 75.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, cando establece que: “En calquera caso, o órgano instrutor adoptará as medidas necesarias para lograr o pleno respecto dos principios de contradición e de igualdade dos interesados no procedemento”, no procedemento para a imposición de penalidades debe seguirse o procedemento xeral da Lei 39/2015, e, en



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

consecuencia, pola funcionaria informante considérase de aplicación o prazo de audiencia de dez días contemplado na norma procedimental (art. 82.2 Lei 39/2015).

SEXO: Respecto das penalidades a impoñer, a cláusula 25 do prego de cláusulas administrativas establece unhas penalidades diarias en función da porcentaxe de redución ofertado sobre o prazo de execución inicialmente fixado, que, para o caso da porcentaxe ofertada polo adxudicatario, (que é dun 28,33 % segundo informe do enxeñeiro técnico municipal de data 6 de abril actual), e de 0,75 por cada 1.000 euros ao día.

A referencia temporal non leva ningún tipo de especificación, non obstante, a doutrina estima que se debe aplicar a regra xeral recollida na Disposición adicional duodécima do TRLCSP que determina que, agás que se indique expresamente na lei que os días son hábiles, **os prazos establecidos por días entenderanse referidos a días naturais.**

En canto ao **prezo do contrato** para os efectos do cálculo da imposición de penalidades en caso de **incumprimentos parciais**, e tendo en conta o Informe 13/04, de 7 de xuño de 2004 da XCCA, **será o prezo total do contrato**, agás que se tivera establecido outro distinto no prego de cláusulas administrativas particulares, que é o que debe regular tanto o establecemento como as penalidades dos posibles incumprimentos parciais.

En relación coa posibilidade de que para a imposición de penalidades deba ou non deba terse en conta o IVE, a sentenza da Audiencia Nacional, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 4ª, de 22 de outubro de 2008, rec. 371/2007, conclúe que, ao non tratarse dun procedemento sancionador, e tendo en conta que no prezo do contrato, que constitúe a magnitude a ter en conta para impoñer a sanción, se atopa incluído o IVE, **a imposición da penalidade efectúase sobre o prezo do contrato incluído o IVE.**

Mencionar tamén que o artigo 87 do TRLCSP inclúe no prezo do contrato o IVE, aínda que vaia como partida independente, como igualmente se recolle na cláusula 2 in fine do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación.

Tendo en conta que o responsable do contrato, no seu informe de data 6 de abril de 2017, propón unha penalidade diaria de 0,75 por cada 1.000 euros ao día, sobre o prezo ofertado IVE incluído, e para un prazo de aplicación de 38 días naturais, resulta o importe de 927,07 euros sen IVE e 1.019,77 euros IVE incluído.

SÉTIMO: De conformidade co establecido no artigo 212.8 do TRLCSP, e artigo 99.1 do RXCAP, **os importes das penalidades por demora faranse efectivos mediante dedución das cantidades que en concepto de pago parcial deban aboarse ao contratista, ou sobre a garantía constituída, cando non poidan deducirse dos documentos de pago.**

Así pois, e tal e como resulta do informe do técnico municipal, da cantidade total do importe da factura nº 31/16 presentada por IMEGA, por valor de 33.992,70 euros IVE incluído (na que xa se aplicou a dedución por grao de eficacia por importe de 1.626,45 euros sen IVE e 1.789,10 euros IVE incluído), cómpre deducir a cantidade de 1.019,77 euros IVE incluído (927,07 euros sen IVE),



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

pola aplicación da penalidade por retraso, o cal supón un importe resultante a aboar á empresa de 32.972,91 euros IVE incluído.

Visto canto antecede, pola funcionaria informante fórmulase a seguinte proposta á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación:

Primeiro: *Incoar expediente para a imposición de penalidades a “Ingeniería Medioambiental de Galicia, S.L.”, con NIF B-80028673 e domicilio na rúa Emilia Pardo Bazán nº 56- urbanización Porto Aveira, 15688 Gándara – Oroso (A Coruña), adxudataria do contrato de servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual, das gábias de titularidade municipal no Concello de Cambre, (expte. 2015/C004/000006) por defectuoso grao de execución e incumprimento do prazo parcial na execución da primeira fase de corte correspondente á anualidade 2016, isto de conformidade co establecido no artigo 212 do Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público, cláusula 25 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación, artigos 9 e 11 do prego de prescricións técnicas e cláusulas IV e X do contrato formalizado o 23 de xullo de 2015, por canto quedou debidamente acreditado no expediente, tendo en conta o informe do enxeñeiro técnico industrial municipal de data 6 de abril de 2017, que :*

- *os traballos realizados poden considerarse admisibles, aínda que defectuosos, sendo a porcentaxe de éxito acadada do 95 %, polo que procede o aboamento proporcional á porcentaxe de éxito acadada, resultando aplicable unha penalización dun 5 %, por importe de 1.626,45 euros sen IVE (1.789,10 euros IVE incluído).*
- *existe un retraso de 38 días naturais na execución dos traballos realizados (desde o 18 de xullo de 2016 en que deberían terse finalizado ata o 25 de agosto de 2016 en que efectivamente remataron), polo que procede a aplicación da penalidade diaria contemplada na cláusula 25 do prego de cláusulas administrativas particulares por importe de 0,75 por cada 1.000 euros do prezo do contrato, o que fai un total de 927,07 euros sen IVE, e 1.019,77 euros IVE incluído.*

Segundo: *De conformidade co establecido no artigo 11 do prego de prescricións técnicas aplicable ao expediente , e no artigo 212.8 do Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei dos contratos do sector público, e artigo 99.1 do Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas, os importes das penalidades anteditas faranse efectivos mediante dedución das cantidades que en concepto de pago parcial deban aboarse ao contratista, polo que serán detraídas do importe da factura nº 31/16 presentada por “Ingeniería Medioambiental de Galicia, S.L.”*

Tendo en conta, tal e como resulta do informe do enxeñeiro técnico industrial municipal de data 6 de abril de 2017, que na cantidade total do importe da factura co nº 31/16 e identificadores nº 17/2016-2016/6220, presentada por IMEGA, por valor de 33.992,70 euros IVE incluído , xa se aplicou a dedución por grao de eficacia por importe de 1.626,45 euros sen IVE e 1.789,10 euros IVE incluído, cómpre deducir a cantidade restante de 1.019,77 euros IVE incluído (927,07 euros sen IVE), pola aplicación da penalidade por retraso, o cal supón un importe resultante a aboar á



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

empresa de 32.972,91 euros IVE incluído.

Terceiro: Conceder audiencia ao contratista polo prazo de dez días a contar dende o seguinte ao da notificación da presente resolución, para que poida alegar e presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes.

Cuarto: Notificar os anteriores acordos á entidade adxudicataria, facéndolle saber que por tratarse dun acto de trámite non cabe recurso, todo isto de acordo cos artigos 114 e concordantes da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Quinto : Notificar aos Departamentos de Servizos e Intervención Municipais, para os efectos oportunos.

E este é o informe que emitimos, sen prexuízo de que o órgano de contratación adopte a resolución que estime oportuna.”

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Servizos , de data 7 de abril actual

Por todo o exposto, tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propono a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Incoar expediente para a imposición de penalidades a “Ingeniería Medioambiental de Galicia, S.L.”, con NIF B-80028673 e domicilio na rúa Emilia Pardo Bazán nº 56- urbanización Porto Avieira, 15688 Gándara – Oroso (A Coruña), adxudicataria do contrato de servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual, das gábias de titularidade municipal no Concello de Cambre, (expte. 2015/C004/000006) por defectuoso grao de execución e incumprimento do prazo parcial na execución da primeira fase de corte correspondente á anualidade 2016, isto de conformidade co establecido no artigo 212 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público, cláusula 25 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación, artigos 9 e 11 do prego de prescricións técnicas e cláusulas IV e X do contrato formalizado o 23 de xullo de 2015, por canto quedou debidamente acreditado no expediente, tendo en conta o informe do enxeñeiro técnico municipal de data 6 de abril de 2017, que :

- os traballos realizados poden considerarse admisibles, aínda que defectuosos, sendo a porcentaxe de éxito acadada do 95 %, polo que procede o aboamento proporcional á porcentaxe de éxito acadada, resultando aplicable unha penalización dun 5 %, por importe de 1.626,45 euros sen IVE (1.789,10 euros IVE incluído).
- existe un retraso de 38 días naturais na execución dos traballos realizados (desde o 18 de xullo de 2016 en que deberían terse finalizado ata o 25 de agosto de 2016 en que efectivamente remataron), polo que procede a aplicación da penalidade diaria contemplada na cláusula 25 do prego de cláusulas administrativas particulares por importe de 0,75 por cada 1.000 euros do prezo do contrato, o que fai un total de 927,07 euros sen IVE, e 1.019,77 euros IVE incluído.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Segundo: De conformidade co establecido no artigo 11 do prego de prescricións técnicas aplicable ao expediente , e no artigo 212.8 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei dos contratos do sector público, e artigo 99.1 do Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas, os importes das penalidades anteditas faranse efectivos mediante dedución das cantidades que en concepto de pago parcial deban aboarse ao contratista, polo que serán detraídas do importe da factura nº 31/16 presentada por "Ingeniería Medioambiental de Galicia, S.L."

Tendo en conta, tal e como resulta do informe do enxeñeiro técnico industrial municipal de data 6 de abril de 2017, que na cantidade total do importe da factura co nº 31/16 e identificadores nº 17/2016-2016/6220, presentada por IMEGA, por valor de 33.992,70 euros IVE incluído , xa se aplicou a dedución por grao de eficacia por importe de 1.626,45 euros sen IVE e 1.789,10 euros IVE incluído, cómpre deducir a cantidade restante de 1.019,77 euros IVE incluído (927,07 euros sen IVE), pola aplicación da penalidade por retraso, o cal supón un importe resultante a aboar á empresa de 32.972,91 euros IVE incluído.

Terceiro: Conceder audiencia ao contratista polo prazo de dez días a contar dende o seguinte ao da notificación da presente resolución, para que poida alegar e presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes.

Cuarto: Notificar os anteriores acordos á entidade adxudicataria, facéndolle saber que por tratarse dun acto de trámite non cabe recurso, todo isto de acordo cos artigos 114 e concordantes da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas .

Quinto . Notificar aos Departamentos de Servizos e Intervención Municipais, para os efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 31 de marzo ao 6 de abril do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 516/2017 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Servizos e Xuventude número 565/2017, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
516/2017	31/03/2017	Actualización RMAV Asoc. Temple Empresarial
517/2017	31/03/2017	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 4 de abril de 2017
518/2017	31/03/2017	Aprobación de facturas (E.C.V. e máis), e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe total de 30.233,24



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		euros
519/2017	31/03/2017	Aprobación liquidacións actividades deportivas mes marzo por un importe total de 3475,71 euros
520/2017	31/03/2017	Aprobación de admitidos no programa de actividades municipais da casa da cultura Vila Concepción, febreiro-maio, 2017
521/2017	31/03/2017	Conceder a licenza para segregar da finca situada en Formigueiro, parroquia de Brexo, de 1.000 m ² unha parcela de 100,25 m ² . Solicitante: JSV
522/2017	31/03/2017	Conceder a autorización municipal para a colocación de carteis de promoción do evento "TempleStock 2017 Feira de Oportunidades" en farois de distintas zonas do concello, días 21 de marzo ao 4 de abril. Solicitante: A de E e E de Cambre
523/2017	01/04/2017	Revisión de oficio da revogación da bonificación do 100% nas taxas por subministración de auga e do servizo da rede de sumidoiros do primeiro trimestre de 2017 a don FMF
524/2017	03/04/2017	Numeración de vivenda a solicitude de ASG
525/2017	03/04/2017	Numeración de vivenda a solicitude de VMSP
526/2017	03/04/2017	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de JBMR. Expedientes 2024/2013 e 2631/2015
527/2017	03/04/2017	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de LMM. Expediente 2082/2013
528/2017	03/04/2017	Reparto horario para uso de locais de ensaio musical de abril a setembro 2017
529/2017	03/04/2017	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de MPAC. Expediente 2113/2013
530/2017	03/04/2017	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de GCR. Expediente 2124/2013
531/2017	03/04/2017	Aprobación do padrón da taxa de auga e rede de sumidoiros do primeiro trimestre 2017 por un importe de 502.609,39 euros
532/2017	03/04/2017	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de AAV. Expedientes 2127/2014 e 2492/2015
533/2017	03/04/2017	Expediente de xeración de crédito número 2/2017. Convenio mantemento e conservación do entorno do Río Mero
534/2017	04/04/2017	Concesión duplicado tarxeta estacionamento a LAGI
535/2017	04/04/2017	Apertura de conta bancaria en exclusiva para a subvención de la FEMP a proxecto ANAINAR Actuación integral en igualdade Concello de Cambre
536/2017	04/04/2017	Expediente de disciplina urbanística 2016/I002/000049 por cerramento de parcela sita en Graduill, Cambre sen licenza nin comunicación previa e incumprindo a altura permitida Propiedade: CJC
537/2017	04/04/2017	Expediente de disciplina urbanística 2016/I002/000061 por estado da cuberta e galpóns da vivenda situada en Graduill, Cambre. Propiedade: TVR



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

538/2017	04/04/2017	Liquidación prezos publicos - programa de actividades municipais da casa da cultura Vila Concepción, febreiro-maio, 2017, por un importe total de 3643.85 euros
539/2017	04/04/2017	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención (A.B.L. e máis) por importe total de 44.409,12 euros
540/2017	05/04/2017	Denegar a axuda recibo luz e gas. por non estar debidamente xustificada a situación de necesidade. Solicitante: MAPS
541/2017	05/04/2017	Convocatoria para a creación de relacións de candidatos para nomeamentos interinos de oficiais de obras, operarios condutores e operarios de servizos e as súas bases reguladoras
542/2017	05/04/2017	Aprobación de actividades de coeducación a través de conta contos pola igualdade nos cinco centros educativos de Cambre dirixidos ao alumnado de 5º e 6º de primaria. Actividade incluída no proxecto ANAINAR cofinanciado pola FEMP, o Instituto da Muller e o Fondo Social Europeo
543/2017	05/04/2017	Denegar a axuda de alimentación por non estar debidamente xustificada a situación de necesidade. Solicitante: JABR
544/2017	05/04/2017	Denegar a axuda alimentación por non cumprir os compromisos establecidos no proxecto de intervención social. Solicitante: MTT
545/2017	05/04/2017	Dar de baixa ao Club Kickboxing As Mariñas, no Rexistro municipal de asociacións veciñais (RMAV) de Cambre, a petición do representante da entidade e arquivar o expediente
546/2017	05/04/2017	Modificación data e hora de celebración da Xunta de Voceiros ordinaria do mes de abril de 2017
547/2017	05/04/2017	Expediente de transferencia de crédito núm. 3/2017. Investimentos de saneamento e iluminación pública por un importe total de 33035,36 euros
548/2017	05/04/2017	Conceder a licenza para construír unha vivenda unifamiliar no lugar de Formigueiro, parroquia de Brexo. Solicitante: JLPR
549/2017	05/04/2017	Expediente de disciplina urbanística 07/06/12 por construción de porche e muro sen licenza en finca sita en Estrada da Estación, Cambre
550/2017	05/04/2017	Non estimar o recurso de reposición interposto polo Ade Sde C contra a resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente nº 21/2017, de data 12 de xaneiro de 2017, pola que se concede a licenza para segregar da finca sita no Parque da Igrexa-Cambre, Unidade de Execución nº 2 das Normas Subsidiarias do Planeamento de Cambre, unha parcela de 2.862 m ²
551/2017	05/04/2017	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de DAM. Expediente 2146/2014
552/2017	05/04/2017	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de FJML. Expediente 2147/2014



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

553/2017	05/04/2017	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de XGM. Expediente 2168/2014
554/2017	05/04/2017	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de JML. Expediente 2169/2014
555/2017	05/04/2017	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de AGG. Expediente 2171/2014 e 2751/2016
556/2017	05/04/2017	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de JCN. Expediente 2176/2014
557/2017	06/04/2017	Expediente de xeración de crédito número 3/2017. Mellora das coleccións bibliográficas, número 3/2017 por importe de 4413,62 euros
558/2017	06/04/2017	Denegar a axuda alimentación por ter outra axuda de igual ou similares características por parte doutra administración ou institución pública ou privada. Solicitante: MSI
559/2017	06/04/2017	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: OABA
560/2017	06/04/2017	Denegar a axuda alimentación por incumprimento do proxecto de intervención. Solicitante: RGP
561/2017	06/04/2017	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MDBB
562/2017	06/04/2017	Conceder a axuda recibo luz por importe de 57,93 euros. Solicitante: IHJ
563/2017	06/04/2017	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MEAQ
564/2017	06/04/2017	Corrección de erro no expediente de incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2016 núm. 3/2017 detectouse que se incorporan un remanente excesivo en 1692,80 euros na aplicación 231/13100 financiado con exceso de financiamento afectado, dentro do proxecto "2016/3/131/1 brigada de limpeza e conserxe de servizos sociais, Risga 2016"
565/2017	06/04/2017	Aprobación admitidos actividades xuvenís marzo 2017

5º. Informes doutros asuntos de área

Os señores concelleiros non tomaron a palabra neste punto.

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos expedientes de:



- Adjudicación, á empresa "Jardinería Arce, S.L.", no importe de 27.998,52 euros IVE incluído, do contrato mixto correspondente á subministración máis obra descritos no proxecto "*Mellora do parque da rúa Francisco Rodríguez, O Graxal, O Temple*", para o cal se obtivo unha subvención ao abeiro das Bases específicas da convocatoria do programa de subvencións dirixido aos concellos e outras entidades locais da provincia da Coruña para investimentos de promoción económica durante o ano 2016, (FOAYIA/2016). Expediente: 2017/C005/000001

- Petición de informe polo señor alcalde ao concelleiro de Cultura, Deportes e Mobilidade en relación co escrito remitido aos medios de comunicación co ofrecemento dun campo de fútbol ao Real Club Celta de Vigo

sendo aprobada a urxencia das propostas por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

A) Adjudicación, á empresa "Jardinería Arce, S.L.", no importe de 27.998,52 euros IVE incluído, do contrato mixto correspondente á subministración máis obra descritos no proxecto "*Mellora do parque da rúa Francisco Rodríguez, O Graxal, O Temple*", para o cal se obtivo unha subvención ao abeiro das Bases específicas da convocatoria do programa de subvencións dirixido aos concellos e outras entidades locais da provincia da Coruña para investimentos de promoción económica durante o ano 2016, (FOAYIA/2016). Expediente: 2017/C005/000001

Vista a proposta de Alcaldía de data 10 de abril de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto o expediente de contratación incoado co nº 2017/C005/000001 para a adjudicación, por procedemento negociado sen publicidade, do contrato mixto correspondente á subministración máis obra descritos no proxecto "*Mellora do parque da rúa Francisco Rodríguez, O Graxal, O Temple*", para o cal se obtivo unha subvención por importe de 14.979,20 euros ao abeiro das Bases específicas da convocatoria do programa de subvencións dirixido aos concellos e outras entidades locais da provincia da Coruña para investimentos de promoción económica durante o ano 2016, (FOAYIA/2016), cun orzamento de execución por contrata de 34.998,14 euros (IVE incluído).

Vistos os informes emitidos, o día 7 de marzo de 2017 polo enxeñeiro de camiños municipal-xefe da Sección de Servizos, e coas datas do 9 de marzo e 23 de marzo de 2017, pola Comisión de Negociación designada no presente expediente (consonte ás cláusulas 15.1 e epígrafe 17.2 do prego de cláusulas administrativas particulares), e dos que resulta que a entidade licitadora que formulou a oferta máis vantaxosa no presente expediente, en aplicación dos criterios de adjudicación e negociación que constan na cláusula 15.2 e Anexo V do prego que rexe a presente licitación, unha vez articuladas as tres fases de negociación contempladas na cláusula 15.4 do prego, e sen presentar un valor anormal ou desproporcionado resultou ser a entidade "Zona de Obra O Rosal, S.L.U.", que ofertou o importe de 25.548,64 € IVE incluído, polo que se formulou proposta de adjudicación ao seu favor.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adjudicatario o prazo de dez días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 16 do prego de cláusulas



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

administrativas particulares, esto de conformidade co establecido no artigo 151.2 do Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro, que aproba o Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, e máis no Anexo IV ao prego-tipo que rexe a presente contratación, a entidade "Zona de Obra O Rosal, S.L.U." presentou escrito de renuncia á adjudicación do contrato, segundo escrito rexistrado de Entrada no Concello de Cambre o día 3 de abril de 2017 ao nº 0/2901.

Visto que, en aplicación do establecido na cláusula 16.3 do prego de cláusulas administrativas particulares e art. 151.2 do TRLCSP, outorgouse ao seguinte licitador en orde de puntuación o antedito prazo de dez días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares, artigo 151.2 do Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro, que aproba o Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, e máis no Anexo IV do prego que rexe a presente contratación, sendo este licitador "Jardinería Arce, S.L.", que ofertou o prezo de 27.998,52 euros, resultando que esta entidade sí achegou en prazo a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e técnica, e dispoñer dos medios personais e materiais suficientes, segundo informe do enxeñeiro de camiños municipal-xefe da Sección de Servizos de data 7 de abril actual.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, conformado pola secretaria xeral da corporación de data 7 de abril actual, que contén a proposta de acordos a adoptar.

Visto o establecido na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto no artigo 151 do Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, aprobado por RD Legislativo 3/2011.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, de data 10 de abril de 2017.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Declarar válida a licitación, admitindo nela aos licitadores que a seguir se relacionan, ao ter presentado a súa proposición coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente contratación:

- Jardinería Arce, S.L.
- Jardincelas, S.L.
- Alvac, S.A.
- Construcciones Pan y Díaz, S.L.
- Arines Obras y Proyectos, S.L.,
- Obras y Contratas Rivademar, S.L.
- Zona de Obra O Rosal, S.L.U.
- Ceta Contratas, S.L.
- Mecano Obras y Reformas, S.L.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Segundo: Rexeitar a oferta presentada pola entidade “Mecano Obras y Reformas, S.L.”, xa que , unha vez abertos os obres “C” que conteñen as ofertas económicas das entidades licitadoras, resultou que a presentada por esta empresa excedía do tipo de licitación, que consta no epígrafe 3 do Cadro de características do Contrato, e que se fixa en 28.924,09 euros sen IVE e 34.998,14 euros IVE incluído, polo que procede o rexeitamento da oferta , ao abeiro do establecido na cláusula 15.6 do prego administrativo, e de conformidade co disposto no artigo 84 do RD 1098/2001 do 12 de outubro (Regulamento xeral da Lei dos contratos das Administracións Públicas), en virtude dos cales, *“Si algunha proposición ... excedese do presuposto base de licitación...será rexeitada polo órgano de contratación en resolución motivada”*

Terceiro : A orde decrecente de clasificación obtida polas empresas licitadoras, en función das ofertas presentadas, e tendo en conta a aplicación dos criterios de adxudicación que constan na cláusula 15.2 e Anexo V.I do prego que rexe a presente licitación, e mailos criterios de negociación contemplados na cláusula 15.2 e Anexo V.II do prego, unha vez articuladas as tres fases de negociación contempladas na cláusula 15.4 do prego, é a seguinte:

1.- Zona de Obra O Rosal, S.L.U. .	87,64 puntos
2.- Jardinería Arce, S.L.	82,57 puntos
3.- Ceta Contratas, S.L.	82,26 puntos
4.- Construcciones Pan y Díaz, S.L.	80,24 puntos
5.- Jardincelas, S.L.	78,36 puntos
6.- Obras y Contratas Rivademar, S.L.	69,12 puntos
7.- Alvac, S.A.	65,45 puntos
8.- Arines Obras y Proyectos, S.L.	55,10 puntos

Cuarto: Aceptar a renuncia á adxudicación do contrato presentada pola empresa “Zona de Obra o Rosal, S.L.U.”, solicitada mediante escrito presentado o 3 de abril de 2017 no Rexistro de Entrada do Concello de Cambre, ao nº 0/2901, e proceder á devolución da garantía que fóra presentada na Tesourería do Concello de Cambre pola empresa con data do mesmo día 3 de abril actual, por importe de 1.055,72 euros, segundo aval do Banco Sabadell nº 10001079563, de data 24 de marzo de 2017.

Quinto: Adxudicar o contrato mixto correspondente á subministración máis obra descritos no proxecto *“Mellora do parque da rúa Francisco Rodriguez, O Graxal, O Temple”*, para o cal se obtivo unha subvención por importe de 14.979,20 euros ao abeiro das Bases específicas da convocatoria do programa de subvencións dirixido aos concellos e outras entidades locais da provincia da Coruña para investimentos de promoción económica durante o ano 2016, (FOAYIA/2016), á entidade “Jardinería Arce, S.L.”, con CIF: B-15547979 e domicilio social na rúa Manuel Murguía, nº 4-6, entresollado, 15011 A Coruña, no prezo ofertado de 27.998,52 euros, IVE incluído, por ser o licitador que efectuou a oferta máis vantaxosa, acadando a maior puntuación, en aplicación dos criterios de adxudicación e negociación que constan na cláusula 15.2 e Anexos V.I e V.II do prego que rexe a presente licitación, unha vez articuladas as tres fases de negociación contempladas na cláusula 15.4 do prego, e sen atoparse incurso en presunción de desproporción ou temeridade , segundo informes emitidos polo enxeñeiro de



camiños municipal con data do 7 de marzo de 2017, e coas datas 9 de marzo e 23 de marzo de 2017 pola Comisión de Negociación designada no presente expediente.

As características da proposición do adxudicatario determinantes de que a súa oferta obtivese a maior puntuación, de conformidade co establecido no artigo 151.4.c) do RDL 3/2011 , e cláusula 15.2 e Anexo V do prego , atópanse , ademáis de na baixa económica ofertada , na redución do prazo de execución ofertado, xa que a empresa “Jardinería Arce, S.L.” ofertou un prazo de execución de quince días naturais, que supón unha redución, respecto ao prazo marcado no proxecto e prego administrativo, de corenta e cinco días naturais.

Sexto: Notificar os presentes acordos aos candidatos presentados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Simultaneamente ás notificacións, proceder a publicar a adxudicación no Perfil de contratante do Concello de Cambre, incluído na páxina web municipal <http://www.cambre.es>, e na Plataforma de Contratos de Galicia www.contratosdegalicia.es, esto de conformidade co establecido no artigo 151.4 do RD Lexislativo 3/2011 (Texto Refundido da Lei de contratos do sector público) e cláusula 16.5 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación .

Sétimo: Proceder á formalización do contrato en documento administrativo no prazo dos quince días hábiles seguintes á notificación da adxudicación, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato no Perfil de Contratante do Concello de Cambre, e na Plataforma de Contratos de Galicia, esto de conformidade co disposto nos artigos 154 e 156.3 do Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, e na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Oitavo: A dirección da obra correspóndelle ao enxeñeiro de camiños municipal, quen exercerá, así mesmo, os labores de responsable do contrato, para os efectos previstos no artigo 52 do RD Lexislativo 3/2011 (Texto Refundido da Lei dos contratos do sector público), polo que lle corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións, e dictar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Noveno: A coordinación de seguridade e saúde correspóndelle á entidade “Ingeniería, Medio Ambiente y Prevención del Noroeste. S.L.U.”, (quen designou como persoa física para levar a cabo estas tarefas á técnica superior en prevención de riscos laborais, dona Laura López Santiago), segundo acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre de data 22 de agosto de 2016, adoptado no expediente de contratación menor nº 2016/C002/000022”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Petición de informe polo señor alcalde ao concelleiro de Cultura, Deportes e Mobilidade en relación co escrito remitido aos medios de comunicación co ofrecemento dun campo de fútbol ao Real Club Celta de Vigo

Don Daniel Carballada Rodríguez expón que, tal e como se fai constar no escrito remitido no día de onte aos medios de comunicación, e así aparece xa nas edicións de hoxe, asume a autoría do comunicado e exime de calquera tipo de responsabilidade tanto ao compañeiro don Brais Cubeiro Fernández, como ao Goberno municipal e ao Concello de Cambre, que foron totalmente alleos ao escrito redactado por el e enviado aos medios de comunicación.

Asume que foi un erro enviar o dito texto co formato da institución á que representa, reiterando novamente que o compañeiro Brais e o Goberno local non tiveron nada que ver ao respecto.

Conclúe que, tal e como fai constar no escrito enviado aos medios de comunicación, foi el, Daniel Carballada, quen redactou da primeira á última palabra a nota que saíu da Concellería de Deportes, e pide desculpas aos compañeiros do equipo de goberno por un acto que considera inapropiado do cargo que ostenta, feito sen mala fe e sen ánimo de ofender a ninguén, solicitando, igualmente, se trasladen as desculpas polo seu proceder a todos os membros da Corporación no vindeiro pleno ordinario do presente mes.

O señor alcalde, tendo en conta que don Daniel Carballada Rodríguez deixou clara a autoría do escrito e así aparece xa nos medios de comunicación, que pediu desculpas recoñecendo o inapropiado da súa actuación, e que en modo ningún pretendía ofender, considera que debe darse por rematado o asunto e seguir traballando polos veciños de Cambre, evitando, iso si, situacións como a ocorrida.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, acorda:

Primeiro: Aceptar as desculpas de don Daniel Carballada Rodríguez polo seu proceder en relación coa nota que saíu da súa concellería en nome de don Brais Cubeiro Fernández e, polo tanto, en nome do equipo de goberno, que afecta ao bo facer e á imaxe corporativa do Concello de Cambre.

Segundo: Reprobar, de forma expresa e contundente, a actuación de don Daniel Carballada Rodríguez en relación coa polémica suscitada.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Terceiro: Dar conta ao Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do presente mes, das desculpas presentadas por don Daniel Carballada Rodríguez en relación co inapropiado do seu proceder, así como por calquera dano que, como consecuencia da súa actuación, se poida ter derivado para a imaxe da Corporación e municipio de Cambre.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as oito horas e vinte e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Oscar A. García Patiño

Maria Luisa de la Red Ampudia